

## Manifesto a prol dun selo de tradución humana

Neste convulso inicio de século que augura a fin de tantas cousas, poucas actividades netamente humanas conservan e ven mesmo aumentar o seu número de adeptos. Entre estas, sobresaie de seu a lectura, que consiste en interiorizar feitos narrados ou historias inventadas por outro ser humano, unha actividade de todo punto inútil segundo criterios estritamente materialistas e, se cadra por iso, fondamente arrequecedora.

A proba está en que **o sector editorial español vive hoxe unha vizosidade sen precedentes** e a mocidade é o segmento de lectores que máis medra ano tras ano. Alén diso, a literatura é unha fonte de inspiración para todo tipo de narracións que se consomen masivamente e xeran pingües beneficios, desde as series e as películas até os videoxogos. A diferenza das máquinas, **os humanos necesitamos a ficción como o pan da boca.**

Secasí, o único humano dun libro redactado, traducido ou ilustrado mediante a intelixencia artificial xenerativa (IAX) é o material do que en orixe se nutriron os motores para barallar eses datos a unha velocidade vertixinosa. **É a apropiación do que foi humano e xa non é tal.** Malia que en España non existen datos que dean fe do grao de penetración da IAX nos procesos editoriais, en Francia xa hai polo menos unha editorial, Harper Collins, que decidiu recentemente traducir de xeito automático as obras do seu selo de literatura romántica, Harlequin. Cabe supor que outras seguirán o seu exemplo.

Ao longo da historia, a tecnofobia que naceu co movemento ludita ao abeiro da Revolución Industrial revelouse inútil para deter o que se deu en chamar progreso. Non pretendemos frear unha dinámica que seguramente será irreversible e cuxos efectos no devir da humanidade só comezamos a albiscar, mais si que cremos na necesidade de reivindicar a **transparencia** dese proceso para salvagardar a esencia da creación humana, aquilo que nos distingue, aínda e por riba de todo, das máquinas.

Do mesmo modo que no supermercado os consumidores queremos que se nos informe da procedencia dos alimentos ou de se conteñen ingredientes modificados xeneticamente, **os lectores temos dereito a saber se un libro**

**que nos dispomos a mercar se xerou, en todo ou en parte, mediante IAX.**

Que ninguén se engane: o que procura a industria editorial non é unha maior calidade do produto final nin tan sequera unha rebaixa no prezo de venda ao público (pese á significativa redución de custos que implica recorrer á IAX), senón **incrementar a propia marxe de beneficio en detrimento da calidade dos libros editados** e a expensas de tornar aínda máis precario un colectivo, o dos «parias da edición» —tradutores, correctores, maquetadores, ilustradores—, que malamente subsiste desde hai décadas. De prosperar a automatización dos procesos editoriais, este colectivo vaise ver abocado á imposible tarefa de intentar insuflar vida a textos sen alma, porque, **se as obras literarias creadas por seres humanos se retroalimentan nun diálogo eterno, os textos xerados por IAX se retroempobrecen**, vítimas dunha autofaxia incesante que devora calquera gromo de creatividade, xa non se fale do **custo medioambiental** que supón o uso masivo da IAX nun planeta agonizante ou do perigo que representan as «**alucinacións**» ás que tan propensa é a máquina, co conseguente risco de desinformación e destrución cultural.

Por todo o devandito, alzamos a voz para reivindicar a **natureza intrinsecamente humana das artes** en xeral e da tradución literaria en particular e esiximos **transparencia** á hora de empregar a IAX nos procesos editoriais. Esa transparencia debe concretarse nunha información clara, sinxela e de doado acceso, para o cal convidamos as editoriais a estampar na capa dos seus libros un **SELO DE TRADUCCIÓN HUMANA** como o que ACE Tradutores pon á disposición de cantos particulares, empresas e organismos públicos desexen usalo.

**Selo de tradución humana. Que non che dean datos por libros.**

Tradución: María Alonso Seisdedos